DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 108 | Luns, 10 de xuño de 2019 | Páx. 27829

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018–2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, e pola que se convoca a participación neste programa para a anualidade 2019 (código de procedemento VI408K).*

No *Boletín Oficial del Estado* núm. 61, do 10 de marzo de 2018, publicouse o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Mediante a Resolución do 3 de agosto de 2018 regulouse o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, abriuse o prazo de presentación de solicitudes e estableceronse as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (*Diario Oficial de Galicia*, núm. 156, do 17 de agosto de 2018).

Neste exercicio 2019 o Instituto Galego de Vivenda e Solo, mantendo o interese por este Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, pretende dirixir estas axudas a aqueles concellos que, tendo áreas de rehabilitación integral declaradas, non recibisen financiamento con cargo á citada Resolución do 3 de agosto de 2018 ou que, téndoo recibido, xa o tivesen totalmente comprometido con cargo ás súas anteriores convocatorias.

Con este obxectivo, tramítase esta resolución, que non ten contido económico, coa que se modifican varios aspectos da Resolución do 3 de agosto de 2018, referidos aos requisitos de participación dos concellos, así como ao importe das axudas contidas nas bases reguladoras e á adaptación dos seus anexos aos actuais modelos normalizados. Así mesmo, convócase a participación neste Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural para esta anualidade de 2019.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Primeiro. *Modificación da Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa fomento da rexeneración e renovación*

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

*urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa*

Modifícase a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, nos termos que se recollen a seguir:

Un. Modifícase o punto 1 do ordinal terceiro, Participación dos concellos, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Poderán participar no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural os concellos que teñan algunha ARI declarada no seu termo municipal. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer para este programa limitacións á participación dos concellos respecto das súas áreas de rehabilitación integral que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021».

Dous. Engádese unha nova letra c) ao ordinal sétimo, Documentación complementaria, coa seguinte redacción:

«c) De ser o caso, certificado do persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI para a cal se solicita a participación non obtivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021 ou, que, tras o obter, xa o tivesen totalmente comprometido con cargo ás súas anteriores convocatorias.

Tres. Modifícase o punto 2 do ordinal décimo, Comprobación de datos, que queda redactado do seguinte modo:

«2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos».

Catro. Engádese un novo punto 3 ao ordinal décimo, Comprobación de datos, coa seguinte redacción:

«3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase as obtencións dos citados datos, poderáselles solicitar aos concellos interesados que presenten os documentos correspondentes».

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

Cinco. Modifícase o punto 2 do ordinal décimo sétimo, Subvencións estatais, que queda redactado do seguinte modo:

«2. A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a seguir:

a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentación en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

b) Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, da mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.c) citado Real decreto e no ordinal décimo terceiro.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementaranse estas contías con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que conten con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, de ser o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional, e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

c) Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo.

d) Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentación do medio urbano.

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Neste caso, o cómputo do número de vivendas obxecto de rehabilitación e/ou construción, para os efectos da determinación deste compoñente da axuda, corresponderase co número de vivendas que en orixe vaian ser obxecto de rehabilitación ou nova construción dentro da ARI declarada. Se, finalmente, o número de vivendas rehabilitadas ou construídas fose inferior, este cómputo non se verá alterado, salvo que o número de vivendas rehabilitadas ou construídas fose inferior ao 50 % das inicialmente previstas no acordo específico, caso en que a axuda unitaria por vivenda se verá reducida ata non poder superar 1.500 euros por cada vivenda efectivamente rehabilitada ou construída.

e) Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia para realoxar, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo de 3 anos, para as actuacións de realoxamento temporal.

f) Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipamentos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social».

Seis. Suprímese a segunda obriga recollida no ordinal vixésimo cuarto, Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

Sete. O anexo III da Resolución do 3 de agosto de 2018, de certificación xustificativa do gasto realizado relativo á oficina municipal de rehabilitación, substitúese polo anexo III, que se xunta con esta resolución.

Segundo. *Convocatoria de participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural para a anualidade 2019*

Un. *Participación dos concellos*

1. Poderán participar no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural os concellos que teñan algunha Área de rehabilitación integral (en diante, ARI) declarada no seu termo municipal que non obtivese financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021 ou que, tras obter financiamento, xa o tivesen totalmente comprometido con cargo ás súas anteriores convocatorias.

Dous. A participación dos concellos axustarase ao punto II. Participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural da Resolución do 3 de agosto de 2018 (*Diario Oficial de Galicia*, núm. 156, do 17 de agosto), coas modificacións introducidas por esta resolución.

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

Tres. *Prazo de presentación de solicitudes*

Os concellos interesados en participar neste programa no ano 2019 deberán presentar a súa solicitude nun prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Catro. *Solicitudes de participación*

Os concellos que queiran participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do IGVS, segundo o modelo que figura como anexo I a esta resolución.

Cinco. *Documentación complementaria*

Os concellos deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificado do acordo municipal de solicitar a participación neste programa e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

b) Anexo II, relativo á oficina municipal de rehabilitación, no cal se relacionará o persoal adscrito á oficina, os locais, os medios materiais e outros recursos empregados no desenvolvemento das tarefas da oficina municipal de rehabilitación.

c) De ser o caso, certificado do persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI para a cal se solicita a participación non obtivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021 ou que, tras obter financiamento, xa o tivesen totalmente comprometido con cargo ás súas anteriores convocatorias.

Seis. *Forma de presentación das solicitudes e da documentación complementaria*

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse de conformidade co establecido nos ordinais sexto e oitavo da citada Resolución do 3 de agosto de 2018, respectivamente.

Sete. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición dos concellos unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

presentación das solicitudes. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos, accedendo á carpeta do cidadán do concello interesado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Oito. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, a través do IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade exixida do procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora, a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais.

Nove. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2019

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 | VI408K | SOLICITUDE |

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

ENTIDADE LOCAL | NIF

TIPO | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

EN CALIDADE DE

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a: ◯ Entidade solicitante ◯ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**DATOS DA ACTUACIÓN**

DENOMINACIÓN DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL | FASE

| | | | ACHEGAS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ACTUACIÓN | CUSTO ACTUACIÓN | Nº DE ACTUACIÓNS | MINISTERIO FOMENTO | COMUNIDADE AUTÓNOMA | CONCELLO | OUTRAS ADMINISTRACIÓNS | PROMOTOR/ES PRIVADOS |
| REHABILITACIÓN | | | | | | | |
| EDIFICACIÓN | | | | | | | |
| URBANIZACIÓN | | | | | | | |
| EQUIPO TÉCNICO DE XESTIÓN | | | | | | | |
| REALOXAMENTOS TEMPORAIS | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | |
| % PARTICIPACIÓN | | | | | | | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para os cales se solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTIDADE | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados a partir da data desta declaración.

2. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
4. Que todos os datos consignados nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

☐ Certificación do acordo municipal de solicitar a participación neste programa no cal se recolla o compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

☐ Anexo II relativo á oficina municipal de rehabilitación.

☐ De ser o caso, certificado do persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI para a cal se solicita a participación non obtivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021 ou, que tendo obtido financiamento, xa o tivesen totalmente comprometido con cargo ás súas anteriores convocatorias.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

| **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.** | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| NIF do concello solicitante | ☐ |
| DNI ou NIE da persoa representante | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Seguridade Social | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia | ☐ |
| Certificado de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais de cada exercicio | ☐ |

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación. |
| Finalidades do tratamento | A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Persoas destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| Contacto delegado de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais |

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal **Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no programa fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, e pola que se convoca a participación neste programa para a anualidade 2019 (código de procedemento VI408K).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

______ , ______ de ______ de ______

galicia | Xacobeo 2021 | INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO II

**DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN**

VI408K - PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| ENTIDADE LOCAL | NIF |
|---|---|
| | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| EN CALIDADE DE |
|---|
| |

**DATOS DA ACTUACIÓN**

| DENOMINACIÓN DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL | FASE |
|---|---|
| | |

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que, de acordo co compromiso asumido pola Administración municipal no expediente de declaración de cada área de rehabilitación integral, o concello mantén unha oficina municipal de rehabilitación, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación.
2. Que esta oficina de rehabilitación realizará as funcións previstas no ordinal cuarto da Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.
3. Que a oficina de rehabilitación contará cos medios humanos suficientes para a realización das funcións que ten atribuídas. Estes medios son os seguintes:

**COMPOSICIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN**

PERSOA RESPONSABLE DA OFICINA

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | CUALIFICACIÓN PROFESIONAL |
|---|---|---|---|
| | | | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO II
(continuación)

PERSOAL LABORAL OU FUNCIONARIO DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

| Nome | 1º apelido | 2º apelido | Cualificación profesional | Dedicación ao posto (total/parcial) | Funcións que desempeña | Custo total | % aplicación a esta ARI | Ano de imputación | Custo previsto imputable á oficina de rehabilitación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | TOTAL | | | | |

PERSOAL DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN SE O SERVIZO SE PRESTA A TRAVÉS DE EMPRESA (só cubrir no caso de que o servizo se contrate externamente por parte do concello)

| Empresa | CIF | Nº de efectivos | Cualificación profesional | Funcións que desempeña | Custo total | % aplicación a esta ARI | Ano de imputación | Custo previsto imputable á oficina de rehabilitación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | TOTAL | | | | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO II
(continuación)

Se non se dispón de espazo neste impreso, utilícese unha relación adicional en folla á parte.

4. Que a oficina de rehabilitación contará cos medios técnicos suficientes para a realización das funcións que ten atribuídas. Estes medios son os seguintes:

| MEDIOS TÉCNICOS DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Descrición | Custo total | % aplicación a esta ARI | Ano de imputación | Custo previsto imputable á oficina de rehabilitación |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| TOTAL | | | | |

Total custo imputable á oficina de rehabilitación (gastos de persoal + medios técnicos)

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

, de de

galicia Xacobeo 2021 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO III

**CERTIFICACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO REALIZADO RELATIVO Á OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN**

VI408K PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| ENTIDADE LOCAL | NIF |
|---|---|
| | |

**PERSOA TITULAR DA ALCALDÍA OU CONCELLARÍA**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**PERSONA TITULAR DA SECRETARÍA**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS DA ACTUACIÓN**

| DENOMINACIÓN DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL | FASE | DATA DO ACORDO |
|---|---|---|
| | | |

**PREVISIÓN FINANCEIRA DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN PREVISTA NO ACORDO**

| ACTUACIÓN | ORZAMENTO | ACHEGAS PREVISTAS NO ACORDO | |
|---|---|---|---|
| | | MINISTERIO DE FOMENTO | XUNTA DE GALICIA |
| EQUIPO TÉCNICO DE XESTIÓN | | | |

**CERTIFICA:**

1. Que no período comprendido entre o ____ ata o ____ o concello contabilizou e ten obrigas recoñecidas e, de ser o caso, pagadas relativas aos gastos de mantemento realizado e aplicado á oficina municipal de rehabilitación que a seguir se detallan:

**XUSTIFICACIÓN NÚMERO** ____

| TIPO DE GASTO | Concepto | Importe xustificado |
|---|---|---|
| | | |
| PERSOAL | | |
| | | |
| | | |
| | TOTAL GASTOS DE PERSOAL | |
| | | |
| OUTROS GASTOS DE EQUIPO TÉCNICO E MANTEMENTO OFICINA | | |
| | | |
| | | |
| | TOTAL OUTROS GASTOS MANTEMENTO | |
| | TOTAL XUSTIFICADO | |

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 108 | Luns, 10 de xuño de 2019 | Páx. 27842

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO III
(continuación)

| NÚMERO TOTAL DE ACTUACIÓNS PREVISTAS NO ACORDO | NÚMERO ACUMULADO DE ACTUACIÓNS EXECUTADAS | NÚMERO ACTUACIÓNS QUE CORRESPONDEN A ESTA CERTIFICACIÓN | SUBVENCIÓN MINISTERIO DE FOMENTO (máximo 1.000 €* vivenda rehabilitada ou construída) | SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (máximo 1.500 €* vivenda rehabilitada ou construída) |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**Se non se dispón de espazo neste impreso, utilícese unha relación adicional en folla á parte.**

2. Que os gastos relacionados foron aplicados ao fin previsto no Acordo da Comisión bilateral de data XX/XX/XXXX de acordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

○ Non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade para as cales se solicita esta subvención.

○ Si solicitou e/ou obtivo outras axudas para a mesma finalidade para as cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTIDADE | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**SINATURA DA PERSOA TITULAR DA ALCALDÍA OU CONCELLARÍA** | **SINATURA DA PERSOA TITULAR DA SECRETARÍA**

Lugar e data

_______________ , ______ de ____________ de ________

galicia | Xacobeo 2021 | INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: nqtsshi8-m448-ym76-ja32-2ic7cadmy1m2